



D E C R E T O.- Ourense, 31 de marzo de 2016.

Unha vez visto que, trala modificación da Relación de Postos de Traballo de 2015 realizada por acordo do Pleno do día 23 de xullo de 2015 figuran dentro da plantilla de persoal eventual desta Deputación as seguintes prazas:

-Técnico medio de asesoramento ao Grupo Político de Democracia Ourensana. Número de postos: 2. Clase de persoal: persoal eventual asimilado ao subgrupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 euros. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo de Democracia Ourensana. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

Unha vez visto que o día 24 de xullo de 2015 esta Presidencia ditou resolución na que se nomeaba como persoal eventual a don Germán López Vázquez coa categoría de técnico medio de asesoramento ao grupo político de Democracia Ourensana.

Unha vez visto o escrito presentado polo portavoz do grupo político de Democracia Ourensana o día trinta de marzo de dous mil dezaseis, no que propón o cese de don Germán López Vázquez e o nomeamento de don José Iglesias Borrajo.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Nomear como persoal eventual desta Deputación Provincial a don José Iglesias Borrajo con NIF 34600162C, coa categoría de técnico medio de asesoramento ao grupo político de Democracia Ourensana asimilado ao subgrupo A2, aboándosele as pertinentes retribucións con cargo aos orzamentos desta Corporación e debendo tomar posesión do referido cargo, con efectos do 1 de abril de 2016.

2.- Publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Mándao e asínao o Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial de Ourense, don José Manuel Baltar Blanco. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO, ^{PS}